

# CURSO DE ESPECIALIZACIÓN INSTRUMENTAL **2023 2024**

VIOLÍN

VIOLA

VIOLONCELLO

CONTRABAIXO

FRAUTA

ÓBOE

CLARINETE

FAGOT

TROMPA

TROMPETA

TROMBÓN

PERCUSIÓN

## PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deben presentarse ata o  
**29 de maio de 2023** a través da web  
[www.eaem.es](http://www.eaem.es)

As probas de selección terán lugar o  
**10 e 11 de xuño de 2023** na sede da EAEM.

Dirixido a estudantes de grao medio ou superior.

## ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

Finca de Vista Alegre. Rúa Salvadas, s/n - 15705 Santiago de Compostela

Horario de información: de luns a venres de 10h a 14h | E-mail: [eaem@rfgalicia.org](mailto:eaem@rfgalicia.org) | Tel.: 981 554 222 |

[www.eaem.es](http://www.eaem.es)



## ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS CONSORCIO DE SANTIAGO

# CURSO DE ESPECIALIZACIÓN INSTRUMENTAL 2023 2024

A Escola de Altos Estudos Musicais convoca as probas do Curso de Especialización Instrumental (CEI) 2023-2024 nas seguintes especialidades:

· VIOLÍN · VIOLA · VIOLONCELLO · CONTRABAIXO · FRAUTA · ÓBOE ·  
· CLARINETE · FAGOT · TROMPA · TROMPETA · TROMBÓN · PERCUSIÓN ·

### CARACTERÍSTICAS DO CURSO

> **Alumnado:**

Estudantes de grao medio ou superior.

> **Duración do curso:**

De outubro de 2023 a xuño de 2024.

> **Profesorado:**

O profesorado e o seu currículo poderán consultarse na páxina web da Escola.

> **Obxectivo do Curso:**

O perfeccionamento instrumental da especialidade elixida, a través de 15 horas de clase individual repartidas ao longo do curso académico.

Organizaranse actividades de prácticas de conxunto en diferente períodos durante o curso.

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes deben presentarse ata o **29 de maio de 2023** a través da páxina web [eaem.es](http://eaem.es), acompañadas da seguinte documentación:

- > Currículo, indicando o curso que están a realizar na actualidade.
- > Relación de obras que se van interpretar no caso de que sexan de libre elección.

Darase prioridade aos alumnos que non realizasen estudos noutras edicións do Curso de Especialización Instrumental.

### PROBAS E CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS CANDIDATOS

As probas de selección terán lugar o **10 e 11 de xuño de 2023** na sede da EAEM.

As probas realizaranse coa finalidade de cubrir as prazas das diferentes especialidades, en función da dispoñibilidade e necesidade da Escola.

Aqueles candidatos que non consigan praza como alumnos activos pasarán a integrar unha lista de espera, que terá un período de validez do ano académico obxecto da convocatoria.

A escola disporá de pianistas acompañantes para quen o solicite no boletín de inscrición.

> **Contido das probas:**

O contido das probas poderá descargarse na páxina web da Escola.

> **Tribunais:**

Formaranse tribunais por especialidades onde os membros singulares serán o Director Asociado e o Xefe de Estudos da Escola. Os membros non singulares serán os profesores da EAEM de cada especialidade.

### MATRICULACIÓN

Unha vez finalizadas as probas e publicados os resultados, os candidatos seleccionados poderán formalizar a matrícula ata o **19 de xuño de 2023**, aboando o prezo do curso. No suposto de que, unha vez rematado este prazo, non se cubrise a totalidade das prazas ofertadas, farase pública a relación de candidatos en lista de espera. Neste caso os candidatos poderán formalizar a súa matrícula o **30 de xuño de 2023**.

> **Prezo da matrícula:** 300€

O aboamento da matrícula poderase realizar en dous únicos pagos de 150€. Establécese o 15 de setembro como data límite para o aboamento do segundo prazo. Neste caso, o primeiro pago realizarase respectando os prazos previstos na formalización da matrícula.

O pago da matrícula realizarase telematicamente a través da páxina web da Escola.

### REQUISITOS PARA A OBTENCIÓN DO DIPLOMA E CONDICIÓN DE PERMANENCIA

Os alumnos deberán asistir aos ensaios e concertos das actividades de conxunto instrumental nas datas e horarios establecidos.

A carga lectiva mínima das clases individuais para poder continuar no curso e obter o diploma correspondente establécese en 5 horas por trimestre.

No caso de que non se supere a carga lectiva mínima no primeiro trimestre (outubro-décembro), considerarase abandono do Curso, dando lugar a unha praza vacante que poderá ser ofertada aos candidatos da lista de espera por rigorosa orde de puntuación.

O candidato da lista de espera poderá matricularse no curso previo aboamento da parte proporcional da matrícula do curso.

> **Perda da condición de alumno e dereitos de matriculación:**

- Non superar a carga lectiva mínima establecida por trimestre.
- Non asistir aos ensaios e concertos nas datas e horarios establecidos.

> **Diploma:**

Todos os alumnos recibirán un diploma acreditativo dos seus estudos.

Os alumnos que realicen o curso con máximo aproveitamento e, tras realizar unha proba que demostre os seus progresos, poderán promover un curso máis despois do pago da matrícula correspondente.

